



Asociación de Amigos do Museo de Historia Natural da USC

III Concurso de Nadal

A Asociación de Amigos do Museo de Historia Natural da USC (AAMHN) organiza por terceiro ano un concurso de relatos curtos ilustrados de acordo coas seguintes bases:

Participantes: Haberá dúas modalidades:

- **Participantes individuais**, diferenciados por idades en 4 categorías:
 - A- De 5-8 anos
 - B- De 9-13 anos
 - C- De 14 a 17 anos
 - D- De 18 ou máis anos
- **Participantes colectivos**, constituídos por grupos de persoas (profesores e alumnos, membros de asociacións culturais, grupos familiares ou de amigos, etc.) que terán un representante maior de idade. Segundo a idade da maioría dos membros do grupo, estableceranse 4 categorías:
 - E- Se a maioría dos membros do grupo teñen de 5-8 anos
 - F- Se a maioría dos membros do grupo teñen de 9-13 anos
 - G- Se a maioría dos membros do grupo teñen de 14 a 17 anos
 - H- Se a maioría dos membros do grupo teñen 18 ou máis anos

Tema: Sobre o tema xenérico **“Riscos naturais: danos que pode causar a natureza”** os concursantes poderán elixir libremente calquera temática relacionada cos danos que pode causar a natureza (terremotos, inundacións, movementos de terras, erupcións volcánicas, acumulacións de gases, etc.)

Formato:

- **Participantes individuais**, en papel ou dixital (pdf, jpg), tamaño A4
- **Participantes colectivos**, en papel ou dixital (pdf, jpg), tamaño A2

Só por unha cara, incluído texto e ilustracións. O texto poderá estar escrito a man ou en Times New Roman 12 ou outra letra de tamaño similar. As ilustracións, debuxos ou fotografías, deberán ser orixinais.

Prazo de presentación dos traballos: Do 30 de novembro de 2017 ata o 19 de xaneiro de 2018

Lugar e forma de presentación dos traballos:

- Na recepción do Museo de Historia Natural da USC. Parque de Vista Alegre. 15782 Santiago de Compostela, en sobre pechado. No exterior do sobre deberá constar o nome do participante individual ou do representante do grupo, categoría do participante (individual ou colectivo e idade), enderezo, telefono e correo electrónico do concursante individual ou do representante do grupo e no interior o traballo, sen nome nin datos identificativos do concursante; no caso de participantes colectivos haberá que presentar ademais, no interior do sobre, noutro sobre pechado un folio cos nomes e idades de todos os membros do grupo.
- Por correo electrónico no enderezo comunicacion.museohistorianatural@usc.es facendo constar en asunto “III Concurso de Nadal AAMHN”. Enviaranse **2 arquivos separados**, no caso dos **participantes individuais**, un cos datos identificativos do concursante: nome, idade, enderezo, telefono e correo electrónico e noutro arquivo o traballo sen datos identificativos. Do concursante. No caso de **participantes colectivos** enviaranse **3 arquivos separados**, un cos datos do representante do grupo: nome, idade, enderezo, telefono e correo electrónico, noutro arquivo os nomes e idades de todos os membros do grupo e no terceiro arquivo o traballo sen datos identificativos dos concursantes.

Xurado: Será designado pola Xunta Directiva da AAMHN e valorará o interese científico e a calidade dos traballos, así como a súa relación co tema do concurso. O xurado poderá deixar deserto o premio nalgunha categoría ou poderá trasladar o premio a outra categoría. O fallo do xurado será inapelable.

Proclamación dos gañadores: A primeira quincena de febreiro de 2018, na web do Museo de Historia Natural da USC (<http://www2.usc.es/museohn>)

Entrega dos premios: A data e formato do acto de entrega de premios comunicárase aos concursantes despois da data de proclamación dos gañadores. Os gañadores das categorías de participantes individuais terán de premio unha *tablet* e os das categorías de participantes colectivos un trofeo e material educativo sobre a temática do concurso. Todos os participantes recibirán un diploma da súa participación no concurso.

Como apoio para o concurso recoméndase a visita á exposición temporal do MHN **“Riscos xeolóxicos: danos que pode causar a natureza”**, de entrada libre